

El Progreso

Galiciae

RECOÑECEMENTO

A AELG homenaxe a Xela Arias polo seu "compromiso" e "amor á lingua"

Etiquetas: poesía, recoñecemento, Homenaxe, Valentín Arias, Sarria, Xela Arias, AELG

A.C.V. / *El Progreso* (Sarria). A poeta sarriá Xela Arias Castaño, falecida de xeito repentino no 2003 aos 41 anos de idade, recibiu onte unha homenaxe na casa familiar de A Vilerma, na parroquia de Maside, promovida pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), que quixo deste xeito recoñecer o «compromiso» que sempre caracterizou á autora, tanto no ámbito persoal coma na súa faceta artística.

O acto tamén deixou constancia do seu «amor á lingua», tal e como queda recollido nunha placa descuberta onte na vivienda de A Vilerma en memoria da escritora e de seu pai, Valentín Arias, cofundador e presidente da Asociación de Tradutores Galegos.

«Nesta casa viviron a poeta Xela Arias (1962-2003) e o escritor Valentín Arias (1934-2011) que en cada un dos seus actos afirmaron o seu amor á nosa lingua», reza a inscrición elaborada pola AELG.

O acto estivo encabezado polo presidente desta asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, quen fixo unha descrición da autora, do seu carácter «solidario» e da súa «polifacética» personalidade. Referiuse tamén a Valentín Arias coma un «construtor da nación» e avanzou que a AELG está a preparar outro acto de recoñecemento ao insigne tradutor, cunha primeira parte que se celebrará en Vigo e unha continuación en Sarria.

A homenaxe congregou en A Vilerma a medio cento de persoas entre as que se atopaban familiares de Xela e Valentín Arias, unha ampla representación de escritores coma Marica Campo ou Paco Martín e políticos coma Xosé Manuel Beiras, ademais de veciños.

Durante o acto, no que se leron versos da poeta, tomaron a palabra Marta Dacosta, María Xesús Nogueira, Marica Campo, Xulián Maure e Antía Otero, quen se referiu a Xela Arias coma «unha referencia de cabeceira» na súa escrita e na de toda unha xeración.

A nai da homenaxeada, seu fillo -ao que lle dedicou o poemario 'Darío a diario'- e seu irmán tiveron palabras de agradecemento para os asistentes. Este último, nunha aplaudida intervención, lembrou a «autenticidade» e a paixón que poñía Xela na súa vida e obra, así coma o traballo «calado e desinteresado» que fixo seu pai, sen buscar notoriedade nin rédito social ou económico, destacou.

Neste aspecto tamén fixo fincapé Xulián Maure, quen definiu a Valentín Arias coma un home

«cunha capacidade de traballo» sen igual. Con respecto a Xela Arias, louvou a perfección das súas traducións, que lle valeron premios coma o Plácido Castro.

07/09/2014